

# Concello de Xove

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 14 DE MARZO DE 2011.

### **ASISTENTES:**

#### **ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

#### **CONCELLEIROS:**

D. José M. Balseiro Canoura

D<sup>a</sup>. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

#### **INTERVENTORA:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

#### **Ausente:**

D. Jaime Pernas Rodríguez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 19 horas do día 14 de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 17 DE XANEIRO DE 2011.**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 17 de xaneiro de 2011.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria de data 17 de xaneiro de 2011.

### **2º) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2010. DAR CONTA.**

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno, ós efectos do disposto no Art. 191.3 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo en relación co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, da liquidación do Orzamento Municipal correspondente ó exercicio 2010 aprobada por Decreto de Alcaldía de data 31 de xaneiro de 2011 obrante no expediente cos informes e documentación preceptivos.

O Concello Pleno dáse por enterado.

### **3º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 2/2011 POR IMPORTE DE 44.926,73€. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de crédito do epígrafe e da documentación e informes preceptivos, obrantes no expediente.

Dáse conta asimesmo da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

*“JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,*

*De acordo co exposto na Providencia de Alcaldía desta mesma data pola que se ordea a incoación de expediente de modificación de créditos para o financiamento de investimentos*

# Concello de Xove

segundo o previsto na letra d), e consecuentemente na letra c) do artigo 14 do RDL 8/2010, de 20 de maio,

Posto que en 2010 non se procedeu á aplicación do aforro xerado por aplicación do citado RDL, por un principio de prudencia, que aconsellaba agardar o resultado da liquidación de 2010 aflorando o dito aforro na mesma.

Tendo sido aprobada a Liquidación do exercicio 2010 mediante Resolución de Alcaldía de data 31 de xaneiro de 2011 e resultando da mesma un Remanente Líquido de Tesourería positivo en 1.925.219,68 euros.

Visto o informe emitido por Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos do Concello, no que se informa co debido desglose que a redución de costes de persoal derivada da aplicación do RDL 8/2010, de 20 de maio, ascende a 44.926,73 euros.

Procederá polo tanto a tramitación de expediente de suplemento de crédito ou crédito extraordinario para incrementar o capítulo 6 de gastos, na seguinte partida

Partida	Denominación	Consign. Inic. + Aumentos anteriores	<u>AUMENTO</u>	Consignac. Final	<u>FINALIDADE</u>
150.681	Admón. Xeral de vivenda e urbanismo. Investimento en terreos	26.140,58	44.926,73	71.067,31	<u>ADQUISICIÓN DE FINCA EN SUMOAS</u>
<b>TOTAL</b>			44.926,73		

O crédito dotado destinarase á adquisición de finca na Parroquia de Sumoas para ampliar o espazo público donde se desenvolven as festas patronais e outros eventos de carácter colectivo. En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de suplemento de crédito na partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 2/2011 de Modificación de Créditos por importe total de **CORENTA E CATRO MIL NOVECENTOS VINTESEIS EUROS E SETENTA E TRES CÉNTIMOS (44.926,73)**”

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do devandito expediente.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o grupo de AVEXO está totalmente de acordo coa inversión proxectada.

Polo Sr. Fernández Bouza manifesta que o BNG tamén está de acordo cunha inversión que supón aumenta-lo patrimonio municipal.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que tamén está de acordo coa proposta que se presenta a aprobación do Pleno.

Enterado, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2/2011 do Orzamento Municipal de

# Concello de Xove

2011 por importe de 44.926,73 €, reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

## **4º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 3/2011 POR IMPORTE DE 28.560,90€. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de crédito do epígrafe e da documentación e informes preceptivos, obrantes no expediente.

Dáse conta asimismo da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

*“JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,*

*No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de investimentos, obsérvase a inexistencia de crédito en dúas partidas do Estado de Gastos referidas a proxectos de investimento, un deles a financiar parcialmente polo Instituto Enerxético de Galicia.*

*De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 1.925.219,68 euros.*

*A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundáméntase o seu carácter inaprazable nos seguintes argumentos:*

- *Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da obra “Proxecto piloto de iluminación pública exterior na Rúa Camiño real”. Esta obra foi obxecto dun convenio asinado entre varios concellos, o INEGA e a empresa Philips, coa finalidade de testar distintas posibilidades de uso e implantación de novas tecnoloxías de iluminación exterior (LED) para a consecución da redución de consumos enerxéticos e o uso racional da enerxía. O importe do proxecto ascende a 28.582,61. A aportación do INEGA acada 11.433,04 euros, 40% do custo e concretarase mediante expediente de xeración de créditos no momento en que se reciba o convenio asinado; Philips achegará 8.574,78 euros, que supón o 30%, o mesmo que aportará o Concello. A maiores, debe abonarse o custo de realización da obra.*
- *Dótase o crédito necesario para facer fronte á adquisición de mobiliario para rematar a obra de remodelación dos vestiarios da nave-almacén do Concello.*

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic.</i>	<i>AUMENTO</i>	<i>Consignac. Final</i>	<i>FINALIDADE</i>
<i>151.625</i>	<i>Urbanismo. Investimento en mobiliario</i>	<i>0,00</i>	<i>8.560,90</i>	<i>8.560,90</i>	<i>CABINAS FENÓLICAS VESTIARIO NAVE</i>
<i>165.609</i>	<i>Alumeados públicos. Investimento en infraestruturas</i>	<i>0,00</i>	<i>20.000,00</i>	<i>20.000,00</i>	<i>ALUMEADO PÚBLICO CAMIÑO REAL</i>
<b><i>TOTAL</i></b>			<b><i>28.560,90</i></b>		

# Concello de Xove

*O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.010.*

*En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 3/2011 de Modificación de Créditos por importe total de **VINTEOITO MIL QUINIENTOS SESENTA EUROS E NOVENTA CÉNTIMOS (28.560,90)**”*

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do devandito expediente.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o grupo de AVEXO está totalmente de acordo coas inversións proxectadas.

Polo Sr. Fernández Bouza manifesta que o BNG tamén está de acordo pero considera que sería convinte que na rúa Lavandeiras tamén se instalaran Leds e non luminarias de vapor de sodio, xa que estas consumen e contaminan máis.

Polo Sr. Alcalde contestase que o proxecto de renovación de alumeadado público da rúa Lavandeiras que incluía a centralización e control automatizado foi subvencionado polo INEGA, no pasado ano, xa que obtivo a máxima puntuación por aplicación de criterios de eficiencia e aforro enerxético.

Remata a súa intervención o Sr Alcalde sinalando que as luminarias de Leds teñen un elevadísimo custo económico e a súa instalación somentes está neste intre xustificada se forman parte duns programas ou plans piloto, cunha forte subvención doutras administracións e/ou organismos como é o caso que nos ocupa.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que tamén está de acordo coa proposta que se presenta a aprobación do Pleno.

Enterado, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 3/2011 do Orzamento Municipal de 2011 por importe de 28.560,90€, reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

## **5º) RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS MUNICIPAIS A DATA 31 DE DECEMBRO DE 2010. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente tramitado para a preceptiva rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal no que se reflicten as variacións habidas no mesmo durante o exercicio de 2010 consonte ós datos obrantes no citado expediente, as altas acadan un importe de 620.549,52€ polo que con data 1 de xaneiro de 2011 o Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal acada un importe total de 10.919.387,05€.

Rematado o debate, a corporación cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage e Ben Fernández, e coa abstención do Concelleiro Fernández Bouza, acorda ós efectos do disposto no Art. 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aproba-la rectificación do Inventario de Bens e Dereitos de Titularidade Municipal correspondente ó exercicio de 2010 nos termos anteriormente transcritos.

# Concello de Xove

## **6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADHESIÓN DO CONCELLO DE XOVE Ó PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta da Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe:

*“D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,*

*CONSIDERANDO que corresponde aos poderes públicos, incluídas as Entidades Locais, garantir o dereito á educación de todo o alumnado na etapa obrigatoria, sendo por elo imprescindible establecer mecanismos de coordinación entre as institucións educativas e os poderes públicos con competencia na materia para detectar e abordar as situacións de absentismo escolar, como medio para adoptar medidas compensatorias das situacións persoais, familiares ou sociais que inflúan no comportamento escolar.*

*VISTO o PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR obrante no expediente ó que xa están adheridos, con bos resultados, numerosos Concellos da provincia de Lugo.*

*Pola presente PROPOÑO ó Concello Pleno a adopción de acordo polo que*

*PRIMEIRO .- Se aprobe a adhesión do Concello de Xove ao PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR obrante no expediente.*

*SEGUNDO.- Se de traslado do antedito Acordo ás Consellerías de Educación e de Traballo e Benestar, á Dirección dos centros escolares ubicados no término municipal, ás APAS dos citados centros e ós Servizos Sociais Municipais.”*

Rematado o debate, a corporación cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Vázquez Fra, Fernández Basanta, Casabella Lage e Ben Fernández, e coa abstención do Concelleiro Fernández Bouza, acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

## **7º) PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE AMPLIACIÓN DO HORARIO DO SERVIZO DE PEDIATRÍA NO CENTRO DE SAÚDE DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe:

*“D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove.:*

*TENDO EN CONTA que no Concello nos últimos anos propúxose un importante incremento da natalidade, o que fai insuficiente o número de horas que o servizo de pediatría presta actualmente no Centro de Saúde de Xove, daí que se considere necesario, co obxectivo de mante-la calidade do servizo de pediatría, aumenta-lo número de horas de atención ó público xa que deste xeito daríase tamén resposta á inquietude de moitos pais, que se están manifestando neste sentido, mostrando a súa preocupación pola insuficiencia do servizo actual.*

*Por todo elo, PROPOÑO ó Concello Pleno a adopción de acordo polo que se solicite á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia un incremento das horas de pediatría que na actualidade se prestan no Centro de Saúde de Xove, debido, por unha banda, ao gran número de nenos/as do Concello e, por outra, para dar cumprida resposta á demanda social existente. “*

# Concello de Xove

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde comunicase á Corporación que xa que se dirixiu por escrito á Xerencia de Atención Primaria, para solicitar un incremento das horas de prestación do Servizo de Pediatría, por consideralo absolutamente necesario para garantir unha atención de calidade.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase estar de acordo coa proposta do Sr. Alcalde.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que obviamente o BNG vai votar a favor de solicitar un incremento e unha mellora dos servizos sanitarios, como ven facendo dende hai anos, pero considera que a reclamación debería ir máis aló e reclamar unha mellora xeneralizada na atención sanitaria do Centro de Saúde de Xove que está a sufrir continuos recortes nos últimos tempos.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza manifestando que o Sr. Alcalde con esta proposta o que pretende é eludir a súa responsabilidades como Alcalde e as responsabilidades do seu partido como responsable do Goberno autonómico, escudándose nunha petición de apoio a tódolos grupos municipais que por obvia non ten moito sentido.

Polo Sr. Alcalde recórdalle ó Sr. Fernández Bouza que nos catro anos nos que recentemente gobernou o PsdeG-Psoe e o Bng o seu grupo municipal non abriu a boca para reclamar absolutamente nada, e iso que a atención sanitaria de aqueles anos, era, senón peor, polo menos exactamente igual á existente na actualidade.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que va apoiar a proposta de Alcaldía, engadindo que espera que esta solicitude non se olvide unha vez pasadas as vindeiras eleccións locais.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

## **8º) ROGOS E PREGUNTAS.**

Neste punto non houbo intervencións.

*E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.*

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo